



BASES PARA OS SORTEOS MENSUAIS DE 60 MOCHILAS ECOLÓXICAS ENTRE AS PERSOAS QUE VISITEN AS INSTALACIÓNS DO COMPLEXO AMBIENTAL DE SOGAMA EN CERCEDA

PRIMEIRA. - Obxecto

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A, en diante SOGAMA, empresa pública de xestión ambiental, enerxías renovables, innovación tecnolóxica e desenvolvemento sostible ao servizo da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vai realizar, conforme ás presentes bases e no marco da campaña de educación, concienciación e sensibilización ambiental "Ti es a peza que falta. Ponlle freo ao consumo de bolsas plásticas!", un sorteo mensual de 10 mochilas ecolóxicas entre as persoas que visiten as súas instalacións no Complexo Ambiental de Cerceda.

A finalidade desta iniciativa é reducir o consumo de bolsas plásticas e apostar por outras alternativas máis ecolóxicas como as bolsas de tea, os tradicionais carros da compra e as bolsas de papel reciclado.

SEGUNDA. - Ámbito Persoal e Territorial

Poderán participar aquelas persoas que, no mes anterior á celebración de cada sorteo, formaran parte do programa de visitas organizadas ás instalacións de SOGAMA no Complexo Ambiental de Cerceda.

TERCEIRA. - Ámbito Temporal

Dentro dos dez primeiros días dos meses de febreiro a xullo de 2009, celebrarase un sorteo ante Notario ao que concurrirán os cupóns de participación que foran depositados na urna disposta a tal efecto nas oficinas de SOGAMA durante o primeiro e o último día do mes anterior á celebración de cada sorteo (xaneiro-xuño).

CUARTA. - Desenvolvemento do sorteo

SOGAMA distribuirá un cupón de participación a cada unha das persoas que visiten as súas instalacións no Complexo Ambiental de Cerceda entre os meses de xaneiro e xuño de 2009. Os cupóns serán similares aos incluídos no Anexo I das presentes Bases.

Aquelas persoas que estean interesadas en participar, deberán encher o cupón cos seus datos persoais e introduci-lo na urna disposta a tal efecto nas oficinas de SOGAMA.

Só se aceptará unha participación por visitante.

O sorteo, celebrado ante Notario, consistirá na extracción de vinte cupóns (dun en un). Os dez primeiros cupóns serán os premiados, e os dez seguintes serán os suplentes.

Publicarase o nome das persoas premiadas na páxina web de SOGAMA (www.sogama.es). Así mesmo, SOGAMA porase en contacto cos premiados/as a través dos medios facilitados nos datos achegados.

Se tras sucesivos intentos, a contar dende o día seguinte da finalización do sorteo, fose imposible localizar ao gañador/a ou gañadores/as deste, este/estes perderán o dereito a gozar do premio, procedéndose a súa adxudicación ao/aos suplente/s.

En caso de que, tanto as persoas premiadas como as suplentes, rexeitasen o premio ou non fose posible contactar con elas, no sorteo que se celebre ao mes seguinte extraeranse o nº de cupóns necesarios co fin de asignar os premios que non puideran ser adxudicados.

Se tras dous sorteos consecutivos non fose posible contactar cos/as premiados/as e os seus suplentes, ou rexeitasen todos eles o premio, SOGAMA poderá ofrecer no seguinte sorteo como único premio todas as mochilas acumuladas. Así mesmo, tamén poderá declarar deserto o sorteo.

En tal caso, SOGAMA comunicará ao Sr. Notario cal das opcións posibles decidiu escoller.

QUINTA. - Premio

O premio que recibirá cada un dos participantes afortunados no sorteo consistirá nunha mochila ecolóxica de algodón orgánico (tamaño 28x45x11,5 cm).

SEXTA. - Titularidad dos/as premiados/as

Co fin de confirmar a súa identidade, poderá serlles solicitado o envío de copia ou mostra do DNI ou doutro título identificativo aos participantes no presente sorteo que resultaren gañadores.

SÉTIMA. - Exención de responsabilidade

Unha vez entregado ao gañador/a, SOGAMA non se responsabilizará da perda, rotura ou destrución do premio.

OITAVA. - Gratuidad da participación

A participación neste sorteo é gratuíta.

NOVENA. – Reclamacións

As persoas participantes en cada sorteo mensual poderán realizar as súas reclamacións respecto ao desenvolvemento deste antes das 13:00 horas do día 25 do mes en que aquel se celebre.

DÉCIMA. -. Exclusión

Non terá dereito a participar neste concurso a plantilla das oficinas de SOGAMA.

DECIMOPRIMEIRA. - Datos de carácter persoal

Os datos recollidos dos cupóns de participación non serán incluídos en ficheiro ningún nin obxecto de tratamento conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Unicamente se utilizarán os datos contidos nos cupóns para identificar as persoas premiadas, comunicarlles tal suceso e enviar o premio determinado na Base Quinta, en caso de que o acepten.

DECIMOSEGUNDA. - Aceptación das Bases

A participación no mencionado sorteo supón a aceptación das presentes Bases, así como a aceptación do criterio que estableza SOGAMA para resolver cantas cuestións se deriven deste.

As Bases desta promoción áchanse depositadas ante Notario e estarán a disposición de calquera interesado/a nas oficinas de SOGAMA, situadas na dirección mencionada na Base Cuarta e no Arquivo Electrónico de Bases de Concursos (ÁBACO), accesible a través de internet, na páxina Web del Consejo General del Notariado (www.notariado.org), apartado "ÁBACO".

DECIMOTERCEIRA. - Interpretación das Bases

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia que puidese xurdir en canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto SOGAMA como os participantes no sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais do municipio de A Coruña (provincia de A Coruña), con renuncia expresa ao foro que puidese corresponderlles.

DECIMOCUARTA. - Lei aplicable

A lei aplicable á presente promoción será a española.

Anexo I

Modelo de cupón de participación

Anverso:



Reverso:

Sorteo mensual dunha mochila ecolóxica

Nome _____

Apelidos _____

Enderezo _____ C.P. _____

Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____

Centro educativo ou entidade _____

Impreso en papel ecolóxico